

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 21 de xullo de 2010

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Carlos López Font
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Santiago Domínguez Olveira
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Eudosio Álvarez Álvarez

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D. Angel Rivas GonzálezD.

D^a Laura López Atrio
D^a Iolanda Veloso Ríos
Xesús López Carreira

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e tres minutos do día vinte e un de xullo do dous mil dez e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a todos os membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero e o titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1.218).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA

Ratifícase a urxencia por todos os asistentes

2(1.219).- ESTIMACIÓN DE ALEGACIÓNS FORMULADAS POR COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A. APROBACIÓN DOS PROXECTOS MODIFICADOS DOS APARCADOIROS DE JENARO DE LA FUENTE E AVDA. DE CASTELAO. EXPTE. 3054/241.

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do servizo de Contratación, do 15.07.2010, co conforme do concelleiro delegado da área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Estimar as alegacións ós informes dos servizos de Electromecánicos e Montes, Parques e Xardíns, formuladas por COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A., en escrito de data 14-07-

2010.

2º.- Aprobar os proxectos modificados dos aparcadoiros soterrados sitos nas rúas Jenaro de la Fuente e avenida Castelao, correspondentes o lote-2 da concesión de servizo público de seis aparcadoiros subterráneos de uso mixto, redactados polo enxeñeiro de camiños, canais e portos D. Pablo Couto López, e visados no colexio oficial, con visados nº- 24469 do 16/03/2010 (Jenaro de la Fuente) e nº-24467 do 16/03/2010 (Castelao) e coas seguintes observacións formuladas polos servizos municipais:

-O emprazamento exacto dos puntos de luz, situación do centro de mando, arquetas e trazado das liñas definirase conxuntamente cos técnicos municipais no replanteo previo á execución da instalación.

-No ámbito do aparcadoiro da rúa Jenaro de la Fuente:

-Para a situación de colectores de residuos sólidos urbanos fronte ós números 6 e 8 da rúa é necesaria unha lonxitude total de 15 metros.

-Deberase trasladar o lugar sinalado fronte ó número 20 cara diante do portal do número 16 cunha lonxitude de 5 metros.

-Dotarase dun novo espazo de lonxitude 12 metros diante do portal do número 22 e manterase o mesmo lugar sinalado diante dos números 26 e 30, pero cunha lonxitude de 12 metros.

-Na marxe dos números impares da rúa dotarase un novo espazo de 8 metros de lonxitude fronte o portal do número 3, outro de 2,5 metros fronte o portal do número 11 xusto despois do paso de peóns, e outros dous idénticos despois dos pasos de peóns localizados nos cruzamentos coas rúas Aragón e Extremadura.

-No ámbito do aparcadoiro da Avenida Castelao:

-Dotarase unha nova zona de lonxitude 2, 5 metros para a instalación dun colector de residuos sólidos urbanos na marxe dos números impares, xusto despois do cruzamento da rúa Darío Durán e antes do acceso ó aparcadoiro. Colocarase outro idéntico ó anterior diante do portal do número 13 e outro xusto antes do cruzamento coa rúa Estrada na marxe dos números pares.

-Manterase a localización indicada no plano na marxe dos números impares xusto despois da saída do aparcadoiro, pero cunha lonxitude de 15 metros.

-Dotarase unha nova zona de 15 metros diante do portal do número 17 e outra idéntica fronte desta na marxe dos números pares diante do acceso peonil do aparcadoiro.

3º. Aprobar a ampliación dos prazos de execución das obras en:

-4 meses no caso do aparcadoiro da rúa Jenaro de la Fuente.

-5 meses no caso do aparcadoiro da Avenida Castelao

3(1.220).- DAR CONTA DO INFORME MUNICIPAL SOBRE O “PLAN DE XESTIÓN DE RESÍDUOS URBANOS DE GALICIA” (PXRUG 2010-2020) PROMOVIDO POLA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL-XUNTA DE GALICIA. EXPTE. 7197/306.

“I. ANTECEDENTES

I.1. O 1 de xuño de 2010 recibíuse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo (Doc. nº 100076884) a comunicación do secretario xeral de calidade e avaliación ambiental do 24 de maio de 2010 pola que se remitía cd-rom da proposta do Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2010 e o correspondente informe de sostenibilidade ambiental a fin de que no prazo de 45 días o Concello de Vigo puidese formular as observacións e suxestións que estime oportunas.

II. NORMATIVA EXAMINADA

II.1. Normativa comunitaria.

Directiva 2008/98/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de novembro de 2008, relativa aos residuos e pola que se derrogan determinadas Directivas.

Directiva 2000/76/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 4 de decembro de 2000, relativa á incineración de residuos

Directiva 1999/31/CE do Consello, do 26 de abril de 1999, relativa ao vertido de residuos

Directiva 96/61/CE do Consello, do 24 de setembro de 1996, relativa á prevención e ao control integrados da contaminación.

Decisión 2003/33/CE do 19 de decembro de 2002, que establece os criterios e os procedementos de admisión de residuos nos vertedoiros de acordo co artigo 16 e o Anexo II da Directiva 1999/31/CEE.

Directiva 2006/66/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 6 de setembro de 2006, relativa ás pilas e acumuladores e aos residuos de pilas e acumuladores e pola cal queda derrogada a Directiva 91/157/CEE.

Directiva 2008/103/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de novembro de 2008, pola cal se modifica a Directiva 2006/66/CE, relativa ás pilas e acumuladores e aos residuos de pilas e acumuladores.

Directiva 2008/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de marzo de 2008, pola cal se modifica a Directiva 2006/66/CE, relativa ás pilas e acumuladores e aos residuos de pilas e acumuladores

Directiva 2004/12/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de febreiro de 2004, que modifica a Directiva 94/62/CE, relativa aos envases e residuos de envases.

Directiva 2003/108/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de decembro de 2003, que modifica a Directiva 2002/96/CE, relativa aos residuos de aparellos eléctricos e electrónicos.

Directiva 2008/35/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de marzo de 2008, que modifica a Directiva 2002/95/CE sobre restricións de determinadas substancias perigosas en aparellos eléctricos e electrónicos.

Directiva 2008/34/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de marzo de 2008, que modifica a Directiva 2002/96/CE sobre restricións residuos de aparellos eléctricos e electrónicos.

Directiva 2000/53/CE do Consello, do 18 de setembro de 2000, relativa aos vehículos ao remate da súa vida útil.

Directiva 2008/33/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de marzo de 2008, que modifica a Directiva 2000/53/CE relativa aos vehículos ao remate da súa vida útil.

II.2. Normativa estatal

Lei 10/1998 do 21 de abril de residuos.

Lei 11/1997 do 24 de abril de envases e residuos de envases.

Lei 16/2002 do 1 de xullo de prevención e control integrados da contaminación.

Real decreto 782/1998 do 30 de abril, que aproba o Regulamento para o desenvolvemento e execución da Lei 11/1997.

Real decreto 252/2006 do 3 de marzo, que revisa os obxectivos de reciclaxe e valorización establecidos na Lei 11/1997 do 24 de abril e que modifica o Regulamento para o seu desenvolvemento e execución, aprobado polo Real decreto 782/1998.

Real decreto 1619/2005 do 30 de decembro, sobre a xestión de pneumáticos fóra de uso.

Real decreto 1383/2002 do 20 de decembro, sobre xestión de vehículos ao remate da súa vida útil.

Real decreto 208/2005 do 25 de febreiro, sobre aparellos eléctricos e electrónicos e a xestión dos seus residuos.

Real decreto 106/2008, de 1 de febreiro, sobre pilas e acumuladores e a xestión ambiental dos seus residuos, que incorpora a Directiva 2006/66/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 6 de setembro de 2006, relativa ás pilas e acumuladores e aos residuos de pilas e acumuladores e pola que se derroga a Directiva 91/157/CEE, e desenvolve, así mesmo, as prescricións establecidas na Lei 10/1998, do 21 de abril, cumprindo co mandato establecido na súa disposición final cuarta.

Real decreto 653/2003 do 30 de maio, sobre incineración de residuos.

Real decreto 1481/2001 do 27 de decembro, que regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro.

II.3. Normativa autonómica.

Lei do 3 de novembro de residuos de Galicia.

Decreto 174/2005 do 9 de xuño, que regula o réxime xurídico da produción e a xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.

Orde do 20 de xullo de 2009, pola que se regula a construción e a xestión dos vertedoiros no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

III. INFORME

III.1. Analizado o documento da Proposta de Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia (PXRUG) 2010-2020, remitido a este Concello pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Xunta de Galicia, no prazo concedido para o efecto enténdese procedente, ao amparo do artigo 19.1b), efectuar as seguintes consideracións:

1) Fundamento normativo do PXRUG:

A Lei 10/1998 de residuos, do 21 de abril, a cal ten a consideración de lexislación básica sobre protección do medio ambiente, de acordo co establecido no art. 149.1.23 da Constitución Española, establece que corresponderá as Comunidades Autónomas a elaboración dos plans autonómicos de residuos.

Neste senso, o PXRUG enmárcase na Lei 10/2008 de residuos de Galicia, do 3 de novembro, que establece no seu art. 18.1 que corresponde a Xunta de Galicia a elaboración dos plans de residuos de conformidade co previsto na normativa básica, lexislación autonómica e normativa de desenvolvemento.

2) Sobre o documento do PXRUG en tramitación:

a) Obxecto e finalidades:

O obxecto deste PXRUG, de conformidade co previsto no art 17.1 da Lei 10/2008, de residuos de Galicia sería o de coordinar as distintas administracións públicas con competencia neste ámbito para lograr o cumprimento dos obxectivos de previr e reducir a produción de residuos e a súa nocividade, garantir que todo residuo susceptible de ser valorizado destinárase a tales fins, determinar e distribuír no territorio galego o conxunto de instalacións de xestión necesarias para garantir os principios de autosuficiencia e proximidade e evitar o depósito incontrolado de residuos.

O plan en tramitación e aplicación do art 9.2 da Lei de residuos galega, debe fixar os obxectivos e prioridades da acción pública en materia de residuos e o vencellamento das entidades locais ó contido dos mesmos nos termos previstos na lexislación básica e na Lei de residuos. Neste senso o PXRUG inclúe os seguinte obxectivos:

a.1.) Con carácter xeral

Estabilizar e reducir a produción de residuos en Galicia, en canto ao peso pero tamén en volume, diversidade e perigo, separando a produción de residuos do crecemento económico

Fomentar a recollida selectiva en orixe, como estratexia para obter materiais de calidade que teñan saída no mercado da reciclaxe

Potenciar a xestión/recollida en orixe da fracción orgánica dos residuos municipais

Potenciar as recollidas comerciais en orixe

Potenciar o mercado da reciclaxe

Garantir a complementariedade de modelos

Desenvolver as infraestruturas precisas para tratar os residuos xerados e para acadar os obxectivos e potenciar desta maneira a organización territorial e a capacitación de técnicos, baixo os criterios de suficiencia e proximidade, viabilidade económica e ambiental.

En canto a este obxectivo, o Plan opta por unha descentralización da xestión en base ós criterios de autosuficiencia e proximidade.

Minimizar o vertido final en depósitos controlados, especialmente de fracción biodegradable e materiais recuperables.

Implicar ás persoas nas actuacións de xestión de residuos, maximizar a implicación e os coñecementos da poboación e dos xestores.

Garantir a calidade e transparencia da información.

Acomodar o Sistema de xestión de residuos ao sistema de xestión urbana, como un elemento máis, interrelacionado con outros como a xestión do espazo público, a mobilidade, o ruído, etc.

Previr a contaminación do solo e rexenerar os solos degradados.

Segundo información do propio Plan, contabilízanse 23 vertedoiros repartidos en 15 concellos (abril 2009) que están en fase de inicio ou contratación da obra de selado ou ben está previsto que se emprenda a súa rehabilitación.

a.2.) Obxectivos cuantitativos

Estes obxectivos veñen determinados pola lexislación comunitaria que obriga a acadar uns valores mínimos antes do ano 2020:

		Obxectivos do PXRUG	
Prevenición		Estabilizar a xeración nunha primeira fase e conseguir unha redución do 10% respecto 2009 da xeración per cápita no 2020.	
Valorización material	Materia Orgánica	25% de valorización material total de FORSU EN 2020 impropios menores ao 20%	Mínimo 30% valoración material total no 2020

	Vidro	60% de valorización material total de vidro no 2020	55% valorización material total de envases no 2020
	Papel Cartón	50% valorización material total de papel e cartón total no 2020	
	Envases Lixeiros	50% de valorización material total de envases lixeiros no 2020	
	Outros	20% valorización material total da fracción outros en xeral no 2020 Voluminosos: 20% valorización material total en 2020. Incremento da recuperación por reutilización ou reciclaxe. Especiais: 65% recollida selectiva no 2020	
Valorización enerxética		Incremento da valorización enerxética	
Depósito controlado		Diminución progresiva residuos sen tratar a depósito controlado ata chegar ao 100% tratamento no 2017	

b) Ámbito

Territorial

O ámbito territorial de aplicación e execución do Plan é a Comunidade Autónoma de Galicia que, tal como se recolle na normativa aplicable (Constitución, Lei 10/98 básica de residuos e Lei 10/2008 de residuos de Galicia), é a que ten as competencias para a elaboración de plans autonómicos de xestión de residuos e sobre a autorización, vixilancia, inspección e sanción das actividades de produción e xestión de residuos.

O ámbito territorial do Plan abrangue pois toda a Comunidade Autónoma, que ten unha superficie 29.574 km² e unha poboación de 2.794.796 habitantes (IGE, datos provisionais a xuño 2009).

Tipoloxía de residuos

Quedan incluídos no marco de aplicación do Plan todos os residuos xerados no ámbito urbano ou municipal de acordo coas definicións da Lei 10/2008 de residuos:

«Residuos urbanos ou municipais»: os xerados nos domicilios particulares, comercios, oficinas e servizos, así como todos aqueles que non teñan a cualificación de perigosos e que pola súa natureza ou composición poidan asimilarse aos producidos nos devanditos lugares ou actividades.

Terán tamén a consideración de residuos urbanos os seguintes:

- Residuos procedentes da limpeza de vías públicas, zonas verdes, áreas recreativas e praias.
- Animais domésticos mortos, así como mobles, utensilios e vehículos abandonados.
- Residuos e cascallos procedentes de obras menores de construción e reparación domiciliaria.

«Residuos comerciais»: residuos municipais xerados pola actividade propia do comercio ao por menor e ao por maior, a hostalería, os bares, os mercados, as oficinas e os servizos. Aos efectos do réxime de responsabilidades na xestión, terán tamén esta consideración os residuos non perigosos

xerados pola industria que, pola súa natureza ou composición, sexan asimilables aos residuos urbanos o municipais.

Inclúense no Plan os residuos que, aínda que se consideran perigosos ou especiais, xéranse no ámbito domiciliario e equiparable, como residuos de aparellos eléctricos e electrónicos, aceites vexetais, residuos de bricolaxe, etc.

Tamén se inclúen no Plan os residuos comerciais que, segundo o Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e a xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, teñen que acollerse a un réxime de xestión diferente (artigo 20 sobre obrigas específicas dos produtores e xestores). De acordo con isto, os produtores de residuos comerciais deben entregar os seus residuos a un xestor autorizado para o seu tratamento, ou ben acollerse ao sistema de recollida e xestión que a entidade local competente estableza para este tipo de residuos.

Quedan excluídos os residuos equiparables a urbanos pero xerados en actividades industriais, salvo que se xeren en cantidades semellantes ás xeradas por domicilios, comercios ou institucións.

Consideramos que, en atención ao ámbito territorial e material do PXRUG, o mesmo deberíase declarar de incidencia supramunicipal, de acordo co art. 22 da L. 10/1995, de 23 de novembro, de Ordenación do Territorio de Galicia.

Temporal

O Plan establece un horizonte temporal de 10 anos a partir da aprobación do documento. Desta maneira o Plan será aplicable para o período 2010-2020.

Co fin de dar ao Plan a flexibilidade necesaria para o seu desenvolvemento e poder incorporar os cambios necesarios na xestión segundo as modificacións da normativa, as novas tecnoloxías ou as posibles reformulacións de actuacións, o propio Plan incorpora unha revisión intermedia dos obxectivos e das estratexias, segundo se especifica no Plan de Seguimento, que se deberá elaborar na metade da aplicación do Plan (no 5º ano despois da súa aprobación), ademais doutra revisión final cando remate a súa vixencia. Ademais, o Plan prevé unha fase de actuación inmediata que comprende os dous primeiros anos do Plan, no que se levarán a cabo as actuacións máis prioritarias, segundo o establecido no devandito plan.

c) Aplicación:

O 15 de xullo o xefe do servizo de limpeza emite o seguinte informe:

“...Trala resolución de 28 de outubro do 1998 da Secretaría Xeral da Consellería de Medio Ambiente, pola que se acorda facer pública a adaptación do Plan de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos de Galicia para o período 1998-2008, a Cidade de Vigo acolleuse ao modelo de Xestión de SOGAMA, para o cal se construíron as infraestruturas necesarias (planta de transferencia de Guixar) e se asinou o correspondente Convenio entre ambas as dúas entidades.

Conforme ao punto 9 do Plan de Xestión de RSU de Galicia aprobado no ano 2008, a Xunta de Galicia propugna á Sociedade Galega do Medio Ambiente SOGAMA como oferta común de tratamento para os municipios que o desexen, conformando un verdadeiro Sistema Integral de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos.

No punto 9.1.1 do devandito plan, descríbese o programa de Valorización dos RSU no que se establece como prioritaria a valorización enerxética a través de SOGAMA, de xeito que os Concellos que opten por este modelo entregarán a fracción húmida dos RSU nas estacións de transferencia planificadas.

Este plan do 1998 trazou polo tanto unha estratexia de centralización da xestión dos RSU de Galicia nun único punto (Cerceda) o que fixo necesaria unha rede de estacións de transferencia para optimizar o transporte mediante compactación. Así mesmo priorizou a valorización enerxética mediante incineración da fracción orgánica e resto sobre outras formas de valorización que tamén eran posibles.

En base a isto foi polo que a Cidade de Vigo adaptou o seu sistema de recollida de residuos ás premisas marcadas no plan do 1998, e ao convenio asinado con SOGAMA para a xestión dos residuos non reciclables que conformaban a mistura das fraccións orgánica e resto. Dende ese intre, na cidade implantouse un sistema de recollida selectiva con separación en orixe das fraccións reciclables de papel-cartón, envases lixeiros, vidro e pilas usadas de orixen doméstico, e un sistema de recollida diferente para a mistura das fraccións orgánica e resto que non era preciso separar dado que o tratamento ulterior nas instalacións do complexo medioambiental de Cerceda así o permitía.

Este sistema de separación e recollida nas catro fraccións antes descritas é o que persiste hoxe en día na cidade, coa conseguinte dotación de contedores e vehículos recolectores tanto de carga traseira coma de carga lateral que se fixo posible grazas a un ambicioso plan de inversións financiado a longo prazo por parte do propio Concello rematando no ano 2017.

Da análise do documento presentado como proposta de plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2020, conclúese que o modelo proposto para a xestión de residuos é ben diferente do modelo vixente no plan anterior. Neste caso e como principais novidades propúgnase unha descentralización de infraestruturas de tratamento e un despregue da recollida selectiva da fracción orgánica.

Mantense loxicamente o criterio de independencia dos Concellos para escoller o modelo de xestión máis axeitado ás súas características, non entanto tamén se establece que os Concellos deberán adaptarse ao ámbito supramunicipal de tratamento. Isto unido ao principio de proximidade e ao feito de que se planifica un novo Complexo de tratamento de residuos urbanos no sur da Comunidade (lugar sen determinar), parece indicar que a cidade de Vigo deberá xestionar os seus residuos nesta nova planta e adaptarse polo tanto ao seu modelo de xestión.

Outro punto de análise importante sería o modelo de financiamento que a proposta do plan debería conter. Non entanto, neste caso o documento presenta escasa concreción polo que non é posible maior análise que o de facer fincapé na necesidade dun plan de financiamento que concrete os importes monetarios a aportar por cada concello e polo tanto a repercusión que terá na taxa do lixo que estes aplican aos seus cidadáns.

Un dato imprescindible que a proposta non contén é o do prezo por tonelada de residuo xestionada nas infraestruturas de tratamento, e se este prezo sería “solidario” como ata o de agora o é o de SOGAMA, de xeito que todos os concellos adheridos pagan o mesmo canon, ou será variable en función de criterios de proximidade, calidade do residuo, etc. como parece entreverse no documento.”

d) Contido

d.1.Diagnose previa: O plan contén unha diagnose da xestión de residuos de Galicia a partires da revisión do Plan 1998-2009, que sintetiza nos seguintes puntos:

Baixa xeración per cápita de residuos .

É necesario incrementar a calidade da información referente axeración e recollida de residuos.

Avance na recollida de vidro, pero non en papel e envases.

Elevada porcentaxe de impropios na recollida selectiva da bolsa amarela e orgánica.

Colapso da capacidade das instalacións de tratamento actuais, necesidade de desenvolvemento de novas infraestruturas.

Modelo de tratamento moi centralizado, alto custo enerxético en transporte.

A elevada dispersión territorial, tan característica de Galicia, non fai aconsellable un modelo único de xestión.

Baixo nivel de desenvolvemento das recollidas a grandes xeradores.

Xestión da fracción orgánica dos residuos.

É necesario desenvolver unha organización central e territorial para a xestión dos residuos.

É necesario mellorar a implantación e funcionamento dos Puntos Limpos.

d.2) Principios e criterios xerais:

Asemade o PXRUG recolle unha serie de principios e criterios xerais:

Sostenibilidade no ciclo de vida

Xerarquía de xestión. O artigo 4 da Directiva 2008/98/CE fixa unha xerarquía de residuos como orde de prioridades na lexislación e política sobre a prevención e xestión de residuos:

Prevenición

Preparación para a reutilización

Reciclaxe

Valorización enerxética

Eliminación

Esta xerarquía de xestión recóllese como principio no PXRUG, pero introducindo entre a preparación e a reciclaxe, a recollida selectiva

Precaución

Responsabilidade do produtor: A Directiva 2008/98/CE regula no art 8 a «Responsabilidade ampliada do produtor», segundo cal para mellorar a prevención, a reutilización, a reciclaxe e a recuperación dos residuos, os Estados membros poderán adoptar medidas lexislativas ou non lexislativas para garantir que calquera persoa física ou xurídica que desenvolva, fabrique, procese, trate, venda ou importe produtos de forma profesional (o produtor do produto) vexa ampliada a súa responsabilidade de produtor.

Proximidade e suficiencia: a mesma Directiva, no art 16 obriga ós Estados membros a tomar as medidas oportunas para establecer unha rede integrada de instalacións de eliminación de residuos e de instalacións para a valorización de residuos municipais misturados recollidos de fogares privados, tendo en conta as mellores técnicas dispoñibles.

Participación, calidade de información e transparencia informativa

Modelos de xestión: en canto ó modelo o PXRUG empeza por recoñecer que non existe unha fórmula única e exclusiva de xestión de residuos, “senón que cada territorio definirá o modelo de xestión que mellor se adapte ás súas características e aos tratamentos de recuperación que se establecesen”.

Fala a continuación da preservación da “independencia municipal no momento de escoller entre un modelo de xestión ou outro”, pero asemade “o Plan inclúe estratexias para promover e potenciar determinados modelos en certos territorios”. Deste modo con xustificación na complexidade, complementariedade e subsidiariedade entre o ámbito municipal de recollida e o supramunicipal de tratamento, obriga a que os entes locais adopten os medios, medidas e servizos para que o modelo de segregación e o sistema de recollida se adecúen ao modelo de xestión e aos criterios de loxística e tratamento que establece o Plan.

Tal acción ben pode constituír unha invasión da competencia municipal sobre xestión de residuos (Arts. 25.1.1] LRBRL, 4.3 Lei 10/1998, 5.2 Lei 10/2008), pois son ós municipios, que gozan da garantía constitucional da súa autonomía local (Arts. 137 e 140 CE/1978 e Carta Europea da Autonomía local - 1986) a quen lles corresponde prestar o servizo de recollida e tratamento de residuos, e como servizo obrigado a recollida, transporte e polo menos eliminación.

A pesares de que o art 4.3 Lei 10/1998, remite á propia norma e ás disposición legais autonómicas en canto ás condicións de prestación do servizo, ningunha das leis sectoriais citadas determina o concreto modelo de xestión, criterios de loxística e tratamento, polo que entendemos que o planificador autonómico está a desenvolver competencias que son propias das entidades locais, en tanto obriga ó Concello de Vigo a que adopte os medios, medidas e servizos que permitan unha adecuación ao modelo determinado pola Xunta de Galicia para a xestión e tratamento dos residuos.

d.3) Desenvolvemento temporal do Plan

O PXRU establece tres fases que determinan as diferentes etapas de execución das medidas que abrangue o Plan:

2010-2013 Inicio: na que se inclúen as medidas de acción inmediata, inicio dos trámites de construción das novas plantas, mellora das plantas existentes

2014-2017 Primeira fase de consolidación : na que se poría en marcha o complexo de tratamento de residuos do Sur e as primeiras plantas locais de compostaxe

2018-2010 Segunda fase de consolidación: na que se revisaría o avance das medidas e obxectivos, e o despregue do resto de infraestruturas previstas.

d.4) Liñas estratéxicas para o desenvolvemento PXRUG

As actuacións a desenvolver durante o período de execución deste Plan, dividíronse en dez Liñas Estratéxicas que, á súa vez, divídense nunha ou varias actuacións.

Cada unha das actuacións queda encadrada nos ámbitos de xerarquía de actuación, de xestión e o fluxo residual, e se especifica se se trata dunha actuación que se executa directamente por parte da Xunta (competencia directa) ou se se trata de fomentar a consecución duns resultados determinados de forma indirecta actuando sobre as entidades locais, sociais, etc. (competencia indirecta).

En cada actuación descríbense os obxectivos xerais, a temporalidade e, en caso que se execute na primeira fase do Plan chamada de "actuación inmediata", que aspectos serán desenvolvidos na mesma.

Liña estratéxica 1: plan de comunicación e educación ambiental. Acada a tódolos niveis sociais: cidadanía, produtores, comerciantes, entes locais, xestores. Abrangue sete accións relativas a campañas de comunicación que se desenvolven separadamente e a súa temporalidade. Na táboa de investimentos que se adxunta inclúe a participación dos entes locais aportando o 10% de 1.100.000 euros.

Liña estratéxica 2: Plan de prevención de residuos. Recolle a definición que da prevención contén o art. 3 da Directiva 2008/98 dirixida á redución da cantidade de residuos, os impactos adversos e o contido de substancias nocivas. Inclúe:

Accións a favor dunha produción ecoloxicamente responsable

Accións a favor dunha compra responsable: promoción do consumo «desmaterializado», promoción do consumo de produtos duradeiros, ordenación da publicidade sen destinatario especificado, promoción da etiquetaxe ecolóxica, cláusulas ecolóxicas nas compras públicas, ...

Accións a favor dun uso responsable: formación para unha boa utilización das tecnoloxías da información e da comunicación, promoción dos produtos reutilizables, accións a favor da reparación, centros de segunda man, etc.

Accións para evitar que os residuos, unha vez xerados, entren nos circuítos de recollida: desviacións de fluxos residuais, segundo uso, compostaxe individual, ...

Na táboa de investimentos que se adxunta inclúe a participación dos entes locais aportando o 45% de 3.064.592 euros.

Liña estratéxica 3: Fomento de recollida selectiva da fracción orgánica. Co fin de obter un bo material de saída foméntase a recollida selectiva e asemade evitar os impactos ambientais asociados á súa eliminación.

Esta medida transcende á prestación do servizo no Concello de Vigo, polo que esixiría un estudo económico do custo da selección en orixe e especificar a forma de financiamento desta acción, coa conseguinte modificación do contrato coa adxudicataria da prestación.

Contempla seis accións específicas na que se inclúe a implantación de novas recollidas selectivas e instalación de plantas de compostaxe.

Na táboa de investimentos que se adxunta inclúe a participación dos entes locais para a mellora das recollidas actuais, aportando o 25% de 2.000.000 euros; axudas a implantación, co 10% de 16.500.000 euros e seguimento, aportando o 25% de 1.800.000 euros.

Liña estratéxica 4: Plan de fomento da recollida selectiva de fracción envases. Inclúe catro accións dirixidas a potenciar a recollidas destes. Debe recordarse que a CE obriga a aumentar ata o 50% global a preparación para a reutilización e reciclaxe de residuos de materiais tales como o papel, metais, plástico, vidro dos residuos domésticos.

Na táboa de investimentos que se adxunta inclúe a participación dos entes locais para a mellora da recollida selectiva, aportando o 25% de 2.000.000 euros; fomento da recollida en zonas específicas, co 25% de 500.000 euros.

Liña estratéxica 5: Fomento da prevención e a recollida selectiva da fracción “outros”. Recolle cinco accións dirixida á xestión desa fracción que aumente a recollida selectiva.

Na táboa de investimentos que se adxunta inclúe a participación dos entes locais para a mellora da recollida selectiva, aportando o 15% de 2.000.000 euros.

Liña estratéxica 6: plan de ampliación e mellora de puntos limpos. Especifica sete actuacións con ampliación destas instalacións a través de puntos limpos móbiles e minipuntos.

Na táboa de investimentos no concepto de outras actuacións de mellora os entes locais deben aportar o 11% de 7.085.000 euros. No apartado deste informe inclúese a localización dos puntos limpos segundo Plan xeral de ordenación municipal.

Liña estratéxica 7: Ambientalización da administración. Describe os pasos a seguir para acadar este

obxectivo con tres accións.

Na táboa de investimentos para a actuación de fomento da prevención e recollida os entes locais deben aportar o 40% de 1.250.000 euros e para “outras actuacións” o 25% de 1.000.000 euros.

Liña estratéxica 8: Incremento da planificación territorial e impulso de novos instrumentos para a xestión sostible de residuos. Consiste en implantar instrumentos organizativos e participativos, técnicos e de formación mediante o fomento das estruturas territoriais. Desenvólvese en seis accións concretas.

Liña estratéxica 9: Planificación da rede de plantas de tratamento. Con xustificación nos resultados da xestión previstos nos límites temporais definidos pola Comunidade europea, e dar resposta á saturación das plantas actuais. As actuacións a seguir irían no senso de ampliar e mellorar a rede de plantas de transferencia, crear outras novas de compostaxe, de selección de envases lixeiros, de tratamento da fracción RESTO e selado de vertedoiros.

9.1 En canto á actuación de ampliar a rede de plantas de transferencia, a pesares do recoñecemento do principio de proximidade, xustifícase en que un dos obxectivos é minimizar o custo do transporte. Non se contempla no documento o sistema de transporte elixido nin que realmente o custo sexa menor, nin que as novas plantas incidan dun xeito positivo na protección da saúde humana e o medio ambiente.

Asemade non se localizan as plantas, indeterminación que non respecta o previsto no art 5 da Lei 10/1998.

9.2 En canto ás novas plantas de compostaxe de FORSU con carácter xeral tampouco se localizan, incumprindo o mesmo precepto e deixando en mans expresamente dos concellos a iniciativa para a tratamento da fracción orgánica selectiva, a decisión da súa localización (en Vigo o PXOM recentemente aprobado e informado pola Consellería de Medio Ambiente non contén estes emprazamentos), zona de influencia e capacidade das plantas de tratamento.

Si prevé sen embargo, que o Complexo de tratamento de residuos do Sur teña unha planta de compostaxe cunha capacidade de 40.000 t/a, e cun rexeitamento final de 6.735 t/a, e uns modelos con outras capacidades variadas

9.3 Respecto ás novas plantas de selección de envases lixeiros tampouco se sitúan no ámbito territorial, lembrando de novo a súa obrigatoriedade. A do Sur tería unha capacidade de 16.000 t/a.

9.4 Novas plantas de tratamento da fracción RESTO: proponse ampliar as existentes e crear unha nova no Complexo do Sur. Reitérase a falta de concreción da planta do Sur, como así se recoñece expresamente no PXRUG, que contempla dous liñas de tratamento: selección de envases de resto, cunha capacidade de 310.000 t/a e liña de valorización enerxética cunha capacidade de 290.000 t/a.

9.5 Vertido final.

Prevese un vertedoiro para as novas plantas de tratamento, cunha necesidade de verquido de 315.002 t/a.

Liña estratéxica 10: Potenciación do mercado de reciclaxe. Trataríase de dar impulso ós materiais reciclados potenciando a obtención de materiais de calidade a través dunha boa recollida selectiva e da valorización de residuos. Desenvólvese en tres accións.

Con carácter xeral, para todas as liñas estratéxicas déixanse de manifesto certas consideracións nas

que se incide ó longo do presente informe:

A falta do programa económico financeiro de actuación no que se expresen e valoren os custes económicos-financeiros derivados da súa execución e do proceso de xestión de residuos, incluso das axudas e subvencións existentes. Recóllese no Informe de sostenibilidade ambiental un “informe” de viabilidade económica resumo da integración de todas as liñas estratéxicas que basicamente enumera una serie de achegas supostamente a realizar pola Xunta de Galicia, Entidades locais, Estado español, Unión europea, privados, SIG que carece de xustificación financeira. En concreto, para os concellos non se expresan as fontes de financiamento das inversións, nin se distribúen entre os distintos entes locais, sen que este Concello teña presupostado un financiamento distinto do servizo de xestión de residuos que a prevista ata 2017.

A indeterminación no territorio das instalacións de xestión de residuos referidas no documento, circunstancia con transcendencia en canto á capacidade de tratamento desas instalacións e suficiencia.

O procedemento de integración das entidades locais ó Plan.

Todas estas lagoas son de obriga expresión no PXRU galego de conformidade co artigo 18 da Lei de residuos galega de 2008.

e) Determinacións:

Preceptúa o art. 5 da L. 10/1998, de carácter básico, que os plans autonómicos de residuos conterán as seguintes determinacións:

Obxectivos específicos de redución, reutilización, reciclado, outras formas de valorización e eliminación.

As medidas a adoptar para acadar ditos obxectivos.

Os medios de financiamento.

O procedemento de revisión.

A cantidade de residuos producidos e a estimación dos custes das operacións de prevención, valorización, e eliminación.

Os lugares e instalacións apropiados para a eliminación dos residuos.

Debemos poñer de manifesto que, analizada a documentación obrante no PXRUG, e polo que as esixencias da normativa básica se refire, botase en falta importantes determinacións. Neste senso, o devandito PXRUG non contempla o financiamento que deberá aportar o Concello de Vigo.

Tampouco se inclúe no plan un mapa que sinala o emprazamento concreto dos lugares de eliminación de residuos ou uns criterios de localización suficientemente precisos para que o Concello de Vigo poida analizar as condicións xeolóxicas e hidrolóxicas, a distancia que separa aos habitantes de ditos lugares, a prohibición de construír instalacións cerca de zonas sensibles ou a existencia de infraestruturas adecuadas, como a conexión con redes de transporte e a súa incidencia no tráfico rodado.

Asemade, o art. 18 da L. 10/2008 dispón as determinacións mínimas dos PXRUG:

Ámbito material, territorial e temporal, así como o procedemento de revisión.

Análise e diagnose da situación existente e estimación dos residuos obxecto do plan: cantidade, tipoloxía e orixe, así como operacións de xestión a que se someten. Especialmente haberá de incluír unha análise e diagnose da situación actual en relación cos núcleos de poboación, actividade económica e social e medio rural.

Principios que han de rexer a xestión dos residuos afectados polo plan.

Obxectivos específicos de redución, reutilización, reciclaxe, outras formas de valorización e eliminación dos residuos, e as medidas a adoptar para a consecución de ditos obxectivos.

Plan de infraestruturas necesarias para a consecución dos obxectivos previstos.

Criterios a ter en conta para a localización das infraestruturas necesarias.

Estimación dos custes de execución do plan.

Programación temporal das actuacións previstas para a execución do plan.

A efectos da coordinación interadministrativa, procedemento de integración, no seu caso, das entidades locais no plan.

Directrices básicas a que haberán de adecuarse, no seu caso, os plans das entidades locais.

Como documento anexo se formulará un programa financeiro de actuación no que se expresarán e valorarán os custes económico-financeiros derivados tanto da execución do plan como do proceso de xestión dos residuos, e se propoñerá o seu reparto entre todas as persoas e entidades implicadas no plan. Igualmente, se establecerá a achega da Xunta de Galicia ó financiamento do plan, así como as axudas ou subvencións existentes por parte del resto de las institucións.

Detéctase a ausencia dalgunhas das determinacións sinaladas, en concreto o que se refire as directrices básicas a que haberán de adecuarse, no seu caso, os plans das entidades locais, así como o procedemento de integración das mesmas no PXRUG. Asemade, e en conexión co que se ten dito coas determinacións do plan en relación coa normativa básica, apréciase falta de concreción no relativo ao plan de infraestruturas necesarias para a consecución dos obxectivos previstos e os criterios a ter en conta para a localización das mesmas.

f) Eficacia:

Establece o art. 21 da L. 10/2008, que os plans serán de obrigado cumprimento para as administracións públicas e particulares, e constitúen, en especial, un límite vinculante para calquera instrumento de plan urbanístico, cuxas determinacións non poderán modificar, derogar, ou deixarse sen efecto aqueles. Así mesmo, os instrumentos de plan urbanístico haberán de adaptarse ás determinacións dos plans da Xunta en materia de residuos nos prazos que determinen ditos plans, en todo caso, na primeira modificación ou revisión do plan urbanístico, declarándose de interese público, aos efectos da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de Ordenación do territorio de Galicia, as infraestruturas de xestión de residuos contempladas nos plans autonómicos de residuos.

En coherencia co anteriormente exposto no apartado de “determinacións” debemos dicir que, a proposta de plan remitida ao Concello de Vigo pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación

Ambiental da Xunta de Galicia, non é acorde cos importantes efectos que se prevén na normativa autonómica para este tipo de plans. Polo tanto, consideramos que, a non inclusión de determinacións de obrigado cumprimento ou a súa indeterminación dificulta en gran medida o exercicio do dereito a efectuar alegacións, non só para o Concello de Vigo senón tamén para os cidadáns, os cales teñen dereito a obter información e participar nun tema de especial importancia en canto afecta a protección da saúde e do medio ambiente.

3) Procedemento de aprobación do PXRUG:

O procedemento de aprobación axustarase ao disposto no art. 19 da Lei 10/2008 de residuos de Galicia, segundo o cal lle corresponde a consellería competente en materia de medio ambiente a elaboración dun documento de referencia para a realización da avaliación estratéxica do plan, sobre a base do cal elaborouse o informe de sostenibilidade ambiental e a proposta do plan. Así mesmo, a proposta do plan, que inclúe o informe de sostenibilidade ambiental se someterá ao trámite de consultas e de información pública debendo ser publicado no DOG, como en efecto así se fixo.

Finalizada a fase de consultas, deberá elaborarse unha memoria medioambiental ao obxecto de valorar a integración dos aspectos medioambientais na proposta do plan, o cal será elevado pola consellería competente en materia de medio ambiente ao Consello da Xunta para a súa aprobación mediante acordo, debendo a consellería de medio ambiente facelo público.

4) Relación e incidencia do PXRUG sobre as determinacións do PXOM de Vigo:

A técnica de Medio ambiente da Xerencia de urbanismo emite o seguinte informe:

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO (PXOM)

O PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL (PXOM) de Vigo, foi aprobado definitivamente por Ordes da Conselleira da CPTOPT da Xunta de Galicia do 16.05.2008 (DOG nº 106, do 03.06.2008) e do Conselleiro da CMATI de 13.07.2009 (DOG nº 144, do 24.07.2009).

O planeamento é unha ferramenta de primeira orde para a sostenibilidade no territorio ou, tamén segundo o enfoque dos seus contidos, pode acontecer graves degradacións; motivo do cal acontece indispensable o control ambiental mediante instrumentos como o ESAITP ou a Avaliación Ambiental Estratéxica de plans e programas da Lei 9/2006, de 28 de abril, procedemento ao que se someterá todo o planeamento de desenvolvemento deste novo PXOM.

1.1. O TRATAMENTO DOS RESIDUOS URBANOS NO PXOM

- Na Memoria Xustificativa do PXOM de Vigo, no punto 3.2.7. de Usos Globais, ao tratar os usos industriais propostos, xa dende a fase de Avance do Plan propoñíanse como acaídas para os usos industriais, e como froito do proceso de participación pública, tanto polas suxestións emitidas durante a exposición pública do Avance como por conversas mantidas polo Equipo Redactor con posterioridade a esa exposición pública, dúas actuacións de certa significación, polo menos, cualitativamente; unha das dúas áreas é:

b) Un parque industrial específico para industrias de reciclaxe de todo tipo de residuos provenientes das actividades industriais e da construción, industrias de alta significación medioambiental, absolutamente necesarias en calquera cidade industrial de tamaño da de Vigo. Este parque industrial de reciclado, de aproximadamente 160.000 m², que ten como esixencias a de estar ben comunicado co sistema primario de comunicacións da cidade e situarse afastado das poboacións –máis por

cuestións de aparencia que de perigosidade ou molestias-, sitúase na parte alta da parroquia de Bembrive, no lindeiro co concello de Mos (concello sobre o que tamén podería estenderse se fose preciso), na área da antiga estrada do Rebullón onde se sitúa o campo de fútbol da parroquia (excesivamente afastado das poboacións teoricamente servidas), que se trasladará a un lugar máis acaído por conta da actuación”

- Na Memoria Xustificativa do PXOM de Vigo, no punto 4.2.5. de Criterios para a redacción do Estudio de Sostibilidade Ambiental, Impacto Territorial e Paisaxístico (ESAITP), indícase que dende o momento de comezo dos traballos, o Plan formulou como un dos obxectivos da sostibilidade o seguinte:

“A mellora da calidade atmosférica, a fiabilidade e calidade das subministracións de auga potable, a protección das augas superficiais e das soterradas, a redución na orixe de residuos que necesitan unha eliminación final, e a redución do ruído ambiental.”

- No apartado 6.1.3. da Memoria Xustificativa, de Normativa sectorial, no informe á alegación da Administración estatal ferroviaria, relativa aos terreos da actual estación empacadora de Guixar, propónse estimala, excluindo ditos terreos do Sistema Xeral Ferroviario (SXF).

- No Anexo á Memoria Xustificativa, punto 6.2.4.6. dáse conta da comunicación da Área de Servizos Xerais do Concello verbo do Proxecto de construción, no antigo vertedoiro do Zondal da Área de Divulgación sobre Enerxía, Medio Ambiente e Sostibilidade (ADEMAS), encargada á Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo (FAIMEVI), con fondos europeos FEDER, nun Proxecto transfronterizo coa Cámara Municipal de Chaves (Portugal).

Dito Proxecto queda integrado no PXOM como Sistema Xeral Educativo SX/EQ-DC/C01/5/01 ADEMAS, de 64.183 m², remitido na súa ordenación a un PLAN ESPECIAL DE ACONDICIONAMENTO E REXERACIÓN AMBIENTAL DO BOTADOIRO DO ZONDAL PARA A SÚA UTILIZACIÓN COMO ÁREA DE DIVULGACIÓN SOBRE ENERXÍA, MEDIO AMBIENTE E SOSTIBILIDADE.

A ficha deste Sistema Xeral de Equipamentos e Dotacións comunitarias SX/EQ-DC/C01, achégase ao presente informe.

- Na Normativa de Proxectos de Urbanización (art. 4.3.3. Documentación) indícase que a documentación dos mesmos conterá capítulos específicos adicados a diversos aspectos, dentro dos cales se encontra o seguinte:

m) Previsións referentes á recollida, valoración e eliminación de residuos sólidos urbanos e condicións de eliminación e traslados dos residuos producidos durante a execución das obras e garantías de vertedura a vertedoiros controlados.

- Na Normativa de Usos, no Uso Industrial (Capítulo 5.6 - Art. 5.6.1.):

Defínese como Uso Industrial o correspondente ós establecementos adicados ó conxunto de operacións que se executan para a obtención e transformación de primeiras materias, así como a súa preparación para posteriores transformacións, incluídos o envasado, o transporte e a distribución. Dentro do uso Industrial, para os efectos da súa pormenorización, establécense distintas Clases e Categorías, dentro das cales se encontra a seguinte:

Categoría 5º. Tratamento de residuos e reciclado dos mesmos, ben sexan inertes, escombros ou áridos, por exemplo, ou domésticos, envases, aceites, chatarra ou outros análogos non clasificables na categoría de tóxicos ou perigosos. Considéranse incompatibles con outros Usos e Categorías.

- No TÍTULO VIII NORMAS XERAIS DE PROTECCIÓN (NN.UU do PXOM de Vigo), Capítulo 8.1. de Protección do Medio Ambiente:

Estas Normas Urbanísticas regulan de forma xeral e para a totalidade do termo municipal as condicións de protección ecolóxica do medio natural e dos niveis de confort e seguridade para as persoas e a natureza. Son complementarias das disposicións específicas da Comunidade Autónoma sobre esta materia.

Art. 8.1.3 Verteduras sólidas

1.- Os residuos sólidos, a efectos de orientar o seu punto de vertedura segundo o Plan de Xeral, clasifícanse en:

Residuos de construción e demolición (RCDs) entendéndose como tales:

Residuos de construción: aqueles que se orixinen no proceso de execución material dos traballos de construción, tanto de nova planta como de rehabilitación ou reparación.

Residuos de demolición: aqueles materiais e produtos de construción que se orixinan como resultado das operacións de desmontaxe, desmantelamento e derriba de edificios e de instalacións.

Residuos Urbanos: son os xerados nos domicilios particulares, comercios, oficinas e servizos, así como todos aqueles que non teñan a clasificación e que pola súa natureza ou composición poidan asimilarse ós producidos nos anteriores lugares ou actividades.

Terán tamén a consideración de residuos urbanos os seguintes:

1. Residuos procedentes da limpeza das vías públicas, zonas verdes, áreas recreativas e praias, animais domésticos mortos, así como mobles, tarcos e vehículos abandonados.
2. Residuos e escombros procedentes de obras menores de construción e reparacións domiciliarias.
3. Residuos perigosos: Aqueles que figuran na lista de residuos perigosos aprobada no Real Decreto 952/1997 así como os recipientes e envases que os contivesen. Os que teñan sido cualificados como perigosos pola normativa comunitaria e os que poida aprobar o goberno de conformidade co establecido na normativa europea ou en convenios internacionais dos que España sexa parte.

As áreas susceptibles de ser destinadas ás verteduras das dúas primeiras clases citadas estableceranse polo Concello, de acordo coa Normativa, directrices e programas elaborados polo órgano comunitario competente, e a Lei 10/1998 de 21 de abril de residuos e a Lei 10/1997 de 22 de agosto de residuos Sólidos Urbanos de Galicia. En calquera caso, os proxectos correspondentes someteranse ós procedementos de avaliación ambiental da Comunidade Autónoma.

2.- Os Plans Parciais, ou documento de desenvolvemento do presente Plan Xeral, reservarán en recintos adecuados xunto ó viario espazos para a localización de recipientes de recollida de residuos, adecuadamente repartidos e cunha superficie total equivalente a 0,01 m² por habitante.

ELEMENTOS FUNDAMENTAIS NUN MODELO TERRITORIAL SOSTIBLE

Esquemáticamente pódese afirmar que un modelo territorial tenderá cara á sustentabilidade na medida que sexa enerxeticamente eficiente; permita o aforro e o uso sostible dos recursos naturais (entre eles o solo); minimize a produción de todas as formas de contaminación; conserve a diversidade biolóxica; e garanta a calidade de vida da poboación e a cohesión social.

A partir destes principios definíronse unhas pautas xerais que puideron ser consideradas como os elementos fundamentais que orientaron a planificación urbanística, dende a perspectiva da

sostibilidade ambiental, entre os que se encontran a redución e valoración de residuos.

1.2. ESTUDIO DE SOSTIBILIDADE AMBIENTAL, IMPACTO TERRITORIAL E PAISAXÍSTICO (ESAITP)

RESOLUCIÓN DE 10 DE SETEMBRO DE 2007, DA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE, POLA QUE SE ESTABLECEN OS REQUISITOS PARA DECLARAR A INVIABILIDADE DO SOMETEMENTO DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO ÓS TRAMITES PREVISTOS NO ARTIGO 7 DA LEI 9/2006, DO 28 DE ABRIL, SOBRE AVALIACIÓN DOS EFECTOS DE DETERMINADOS PLANS E PROGRAMAS NO MEDIO AMBIENTE

A resolución incorporada no anexo deste documento especifica no seu punto 4 a seguinte resolución.

4. RESOLUCIÓN

Unha vez ponderadas e analizadas as circunstancias do PXOM do Concello de Vigo, aprobado provisionalmente o 19 de maio de 2006 no Pleno do Concello, á vista do nivel de integración que a protección de medio ambiente acada no PXOM, dos bens xurídicos e intereses públicos que hai que protexer, tendo en conta o proceso de participación pública realizado e á vista dos custos económicos e sociais que en definitiva se van producir, resolvo que:

Para o non sometemento do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Vigo, aprobado provisionalmente o 19 de maio de 2006 no Pleno do Concello, ós trámites previstos no artigo 7 da Lei 9/2006, do 28 de abril, deberanse cumprir unha serie de requisitos, dentro dos cales se encontra o seguinte:

9. O Concello de Vigo deberá incorporar ao PXOM un Plan de Seguimento da Sustentabilidade do Plan mediante un sistema de indicadores da evolución das seguintes variables aprobadas por unanimidade do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (COGAMADS) o 19 de xaneiro de 2007 dentro do Documento marco de referencia para a Avaliación Ambiental Estratéxica dos Plans Xerais de Ordenación Municipal: actividades económicas, ciclo hídrico, consumo de solo, demografía, emisións contaminantes, enerxía, integración social, medio natural, medio rural, medio urbano, mobilidade, paisaxe, patrimonio, vivenda e xestión de residuos.

O órgano ambiental participará no seguimento da evolución do PXOM e poderá recabar información e realizar as comprobacións que considere necesarias para o seguimento dos efectos do planeamento na sustentabilidade.

Periodicamente realizaranse informes de seguimento que serán de acceso público.

En relación ó punto 9.

Para dar cumprimento a este punto introdúcese un artigo novo na NN.UU. do PXOM de Vigo, coa seguinte numeración e contido:

Art. 1.0.8. Plan de seguimento de indicadores.

“O Concello realizará o seguimento dos indicadores ambientais segundo se recolle no Plan de Seguimento da Sustentabilidade contido no Estudio de Sostibilidade Ambiental, Impacto Territorial e Paisaxístico do presente Plan Xeral”.

Elabórase un novo capítulo (Capítulo 10) no ESAITP con dicho Plan de Seguimento de indicadores.

Parámetros a controlar no Plan de Seguimento da Sustentabilidade do PXOM de Vigo.

Os indicadores recollidos no ESAITP do PXOM de Vigo, en materia de xestión de residuos, que permitirán avaliar a sustentabilidade do planeamento mediante o seguimento da evolución do PXOM cara o cumprimento dos obxectivos establecidos (seguinte apartado) para o desenvolvemento do mesmo, son os seguintes:

Xestión de residuos	
Indicador	Criterio de medida
Xeración de residuos urbanos	Kg/hab./día
Distribución da xestión dos RSU	
Xeración de residuos perigosos	Tm/ano
Distribución na xestión dos residuos perigosos	
Reutilización de materiais de construción	%

No mesmo documento indícase que calquera outro parámetro que se considere oportuno e que se conte co acordo da Consellería de Medio Ambiente, poderá incorporarse ó Plan de Seguimento.

OBXECTIVOS DE SOSTIBILIDADE

Existen moi diversas formas de abordar a definición e formulación das prioridades territoriais cos que comparar e avaliar os obxectivos do Plan. Estas prioridades deben derívanse dos obxectivos do desenvolvemento sostible, adaptándoos á casuística do Plan e dos ámbitos afectados.

Así os obxectivos da sostibilidade urbana que, partindo dos principios e elementos da sostibilidade e dos documentos de estratexias globais, puidéronse trasladar ao ámbito do Plan de Vigo para protexer e mellorar o medio ambiente urbano e avaliar se concirnen ao modelo urbano elixido e a súa dotación de infraestruturas, servizos, equipamentos e sistemas xerais.

Obxectivos de sostibilidade

	OBXECTIVOS
1	Moderación no consumo de recursos
2	Necesidade de vivenda, proximidade e tipoloxía de vivendas:
3	Cohesión social e mellora das condicións de vida.
4	Conservación da biodiversidade e do patrimonio natural.
5	Protexer o ciclo da auga.
6	Prever e corrixir a contaminación acústica, lumínica e electromagnética, mellorar a calidade do aire e a xestión dos residuos.
7	Integrar a paisaxe nos procesos de planeamento urbanístico dende unha perspectiva de sostibilidade.
8	Promover dende o plan urbanístico a mobilidade sostible.
9	Facilitar a participación cidadán.
10	Impulsar relacións holísticas, integradas e sostibles para a economía e o emprego.

OBX 6 Prever e corrixir a contaminación acústica, lumínica e electromagnética, mellorar a calidade do aire e a xestión dos residuos. Reducir á poboación exposta a niveis acústicos non permitidos polo lexislación. Limitar a contaminación lumínica, ordenar adecuadamente as instalacións de radiocomunicación e transporte de enerxía eléctrica, para a minimización dos seus efectos sobre os seres vivos e a paisaxe. Minimizar o efecto do plan sobre a calidade do aire e o cambio climático en xeral, reducindo ao máximo as inmisiones de substancias contaminantes. Incorporar a problemática dos residuos.

ANÁLISE ESTRATÉXICA DOS OBXECTIVOS DO PLAN

O primeiro abordaxe da análise estratéxica das propostas contidas nos documentos do novo Plan comeza cunha comprobación da inclusión da sostibilidade como un dos seus obxectivos principais. E neste punto comprobamos como, nos obxectivos do planeamento, aparece explicitamente a necesidade do equilibrio entre a preservación do medio e o desenvolvemento urbanístico, onde no obxectivo estratéxico 12 abórdase a redución en orixe de residuos que necesitan dunha eliminación final, obxectivo xa comentado con anterioridade:

Obxectivos estratéxicos do Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo

Obxectivos estratéxicos do plan	
1	Consecución dun equilibrio harmónico entre preservación do medio natural e o desenvolvemento urbano, que se ten que dar nas distintas partes da cidade, tanto na cidade compacta ou tramada, como na súa ampliación e conformación futura e na cidade espallada que se quere concluír ou rematar, para evitar a continuación de procesos de espallamento anárquico, como os acontecidos nas últimas décadas.
2	O control do tráfico urbano e o desenvolvemento de novos sistemas de transporte, primando o transporte intermodal en todas as direccións (ente modos e medios de transporte, tanto públicos como privados)
3	A revitalización e mellora da habitabilidade dos centros urbanos, a dos núcleos outrora rurais e hoxe constitutivos do que se deu en chamar cidade difusa, e tamén a dos poucos pero significativos núcleos de carácter rural que aínda acubilla o Termo Municipal de Vigo, mesmo, case, como asentamento relicto.
4	A xeneración dunha oferta de aloxamento axeitada ás necesidades e capacidade económica da poboación (baixo o criterio de integración e non segregación social), tanto as da hoxe xa residente como as da que, previsiblemente, vai morar en Vigo nos 15 próximos anos.
5	A implementación de políticas de solo industrial, tanto para as necesidades de hoxe como para as do inmediato futuro, pero no momento presente concibidas xa dende a óptica e a escala metropolitanas.
6	A optimización, igualmente dentro do contexto metropolitano e mesmo, rexional, da localización dos solos necesarios para outros tipos de actividades produtivas ou económicas.
7	A potenciación de proxectos educativos, culturais, sociais e de mellora xeral da calidade de vida.
E nese sentido, tamén dende o momento de comezo dos traballos o Plan formulou como obxectivos da sostibilidade:	
8	A protección e mellora do contorno edificado e do patrimonio cultural, co pulo da biodiversidade e a multiplicación dos espazos verdes dentro das zonas urbanas.
9	A conservación e protección dos valores ecolóxicos, paisaxísticos, produtivos e/ou culturais do territorio.
10	A mellora, recuperación e rehabilitación de elementos e procesos do medio natural que se atopan degradados por actividades e/ou usos incompatibles coa súa capacidade de acollida, mediante o deseño de accións concretas.
11	A formulación dunha proposta territorial coherente para satisfacer as necesidades da poboación coa mínima ocupación do solo posible, limitando a expansión extensiva e de baixa densidade a zonas moi concretas do territorio (adiantándose nisto o plan, ás recomendacións e directivas que, sobre a fixación de densidades de ocupación mínimas para o logro da sostibilidade se están producindo na Unión Europea).
12	A mellora da calidade atmosférica, a fiabilidade e calidade dos suministros de auga potable, a protección das augas superficiais e das soterradas, a redución na orixe de residuos que necesitan unha eliminación final e a redución do ruído ambiental.
13	A proposta dun sistema de mobilidade que priorice o uso do transporte público e do transporte alternativo (marcha a pé e en bicicleta) sobre o automóbil, de xeito que se poida reducir a emisión de gases contaminantes á atmosfera e dun sistema de comunicacións que evite a conxestión do vehículo privado na cidade compacta e a circulación intensiva (tanto lixeira como de transporte pesado) sobre o viario interno das zonas urbanas da cidade espallada.

PROBLEMÁTICA E EQUIPAMENTOS NA XESTIÓN AVANZADA DOS RESIDUOS NO PXOM DE VIGO

A problemática dos residuos urbanos abórdase nos últimos anos dende a óptica de incorporar e promover políticas de recollida selectiva e reciclaxe, desenvolvendo actuacións para sensibilizar á poboación e incidindo na importancia da segregación en orixe, sendo moitos os resultados acadados nos últimos anos, coa implantación de recollida selectiva, o peche do vertedoiro do Zondal, a posta en marcha da empacadora de Guixar, etc.

Segundo a proposta realizada na revisión do Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia da Xunta de Galicia 1998-2010, (Vigo presenta un índice de 6.24 sendo URBANOS os Concellos con indicadores con valores entre 1 e 10); o segundo en importancia tras A Coruña. O Plan de Residuos Sólidos Urbanos de Galicia constitúe o instrumento de planificación e expresión dos criterios dados


polas institucións do Goberno de Galicia e pretende ser o marco a través do cal conflúan harmoniosamente todas as administracións implicadas e todas as forzas sociais, co fin de acadar unha solución adecuada ao problema dos RSU en Galicia. Neste senso o novo Plan urbanístico, coherente coa necesidade dunha xestión avanzada dos residuos, sinala unha serie de equipamentos de puntos limpos que se sitúan en polígonos industriais ou actuacións urbanísticas importantes para servir ós cidadáns como centro de achega voluntaria para a recollida selectiva dos residuos producidos no ámbito domiciliario. Os sectores onde se planifican os puntos limpos especificanse no seguinte apartado.

UBICACIÓN DOS PUNTOS LIMPOS:

- Sectores de solo urbanizable: S-08-R CEREIRO, S-11-I AMEAL, S-21-T/R LIÑEIRIÑOS, S-25-R COSTA CASTRELOS, S-37-I CARRASQUEIRA INDUSTRIAL, S-44-I P.I. MATAMÁ-VALADARES, S-56-R SAIÁNS e S-59-I POLÍGONO INDUSTRIAL DE RECUPERACIÓN E RECICLAXE.

En cada unha das fichas de planeamento destes ámbitos, que se achegan ao presente informe, inclúese a previsión dun punto limpo de 2.000 m² de superficie, como reserva de equipamento.

Puntos limpos



OBSERVACIÓN 1: Puntos limpos existentes no Concello de Vigo.

En Vigo cóntase cun PUNTO LIMPO, no que depositar todos os produtos electrónicos (non os eléctricos).

A súa localización é no Parque Central de Servizos do Concello, cuxa dirección é a rúa Bagunda 1, á beira da igrexa de Santa Cristina.

OBSERVACIÓN 2: Os Puntos Limpos tamén deberían entenderse como un lugar nas que outras persoas poden encontrar e reaproveitar eses obxectos achegados, é dicir, un lugar aberto ó intercambio veciñal (Fomento da reutilización).

2. XESTIÓN DE RESIDUOS DOMÉSTICOS

ECOESTACIÓN

Normalmente as instalacións relacionadas co medio ambiente, a xestión da enerxía e a reciclaxe sitúanse fóra da vista dos cidadáns. Estudos realizados nesta liña, indican que é necesario que se sitúen na zona central de forma que todos poidan coñecer como funcionan, e todos poidan exercer o seu dereito e o seu deber de contribuír á conservación do medio ambiente (Educación ambiental). Os usos previstos en ditas instalacións deberían ter un carácter flexible, ofrecendo a posibilidade de variar co tempo, co obxecto de facilitar a adaptación destes centros a novas necesidades (Principio de reutilización).

FOMENTO DA AUTOCOMPOSTAXE

A “Estratexia Española de Sostibilidade urbana e local” indica a necesidade de integrar o metabolismo urbano como tema prioritario no planeamento urbanístico.

En relación cos residuos xerados no ámbito doméstico, un criterio sería establecer reservas de solo para a reciclaxe e o tratamento in situ dos residuos (Compost).”

IV. CONCLUSIÓN

Estando de acordo cos obxectivos xerais formulados no PXRUG 2010-2020, os cales veñen marcados pola normativa vixente, e recoñecendo o traballo desenvolvido polo equipo redactor así como a iniciativa de promover a súa tramitación e aprobación, dende o punto de vista técnico, considérase que a non inclusión de determinacións de obrigado cumprimento ou a súa indeterminación en aspectos fundamentais como son os medios de financiamento ou os posibles emprazamentos das infraestruturas, impide que este Concello poida analizar as condicións xeolóxicas e hidrolóxicas, a distancia que separa aos habitantes de ditos lugares, a prohibición de construír instalacións cerca de zonas sensibles ou a existencia de infraestruturas adecuadas, así como a conexión con redes de transporte e a súa incidencia no tráfico rodado, circunstancias que obrigan a rexeitar o devandito plan.

Feitas as anteriores consideracións , integrantes do informe municipal e os seus anexos, esta Corporación deberá, se o estima oportuno e sen prexuízo de mellor criterio fundado en dereito, trasladalo á Xunta de Galicia.”

A Xunta de Goberno Local queda enterada do anterior informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove e sete minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.

